

# O BOLETÍN Veciñal

boletín da Iniciativa Cidadá de Mugardos

Ano I - Número 1

Xuño 2016



## Un novo tempo para a iniciativa cidadá

Xa non somos novatos. E aquí estamos logo dun ano, rendendo contas do noso traballo. Entramos coma un elefante nunha cacharrería. Fomos un estoupido de ilusión, fomos quen de conseguir tres concelleiras partindo de cero nuns escasos catro meses. Paradoxalmente, isto que parecía o máis difícil, foi o máis doado. Fieis ós nosos principios fomos abertos á xente e decidimos facer unha consulta para posicionarnos nun acordo de goberno. Faremos sempre as consultas que nos pareza oportuno facer, pero neste caso houbo xente que se aproveitou, tanto dun lado coma do outro, e tamén cremos que probablemente, aínda que xa nunca o saberemos con exactitude, isto non foi decisivo para o resultado da consulta. Do que deducimos que si a pregunta que faciamos dividía case a partes iguais ás nosas simpatizantes aínda a conta de permitir que o goberno quedase en mans da opción máis afastada dos nosos principios e programa, esta non estaba formulada nos termos correctos. Seguindo esta análise tampouco compartimos

*«As dinámicas de traballo e as ideas en común van tecendo relacións naturais»*

que a responsabilidade do resultado da investidura fose exclusivamente nosa, xa que a proposta que facíamos era o noso candidato, non o do Partido Popular. Os partidos da oposición poderían tamén terse plantexado esa mesma disxuntiva.

O tema é que déronnos por tódolos lados, non quedou ninguén sen darnos un pau. Pagámo-la novatada.

Pero velaquí que o tempo vai poñendo a cada quen no seu sitio, e as dinámicas de traballo e as ideas en común van tecendo relacións naturais que deberan chegar co entendemento necesario ó fin da anormalidade democrática que supón un goberno en minoría que actúa permanentemente en clave electoral e partidista. Ao

contrario do que tenta dar a entender no seu discurso, ICM non só non bloqueou nada, senón que traballou arreo para aportar e foi o PP quen ocultou información de forma sistemática e apurando os prazos ó máximo para dificultar o traballo dos grupos da oposición. Un goberno desbordado e curtopracista, que está levando o Concello a unha situación insostible.

# Un Mugardos entre todos é posible se hai vontade

Iniciativa Cidadá de Mugardos chegou para abrir as portas do Concello ao pobo. Para que as persoas que viven en Mugardos poidan ser tomadas en conta no que lles afecta.

O Partido Popular fixo retroceder aínda máis as cotas de participación da veciñanza. Un goberno minoritario, con só 4 dos 13 membros da corporación, actúa como se tivese maioría absoluta **impoñendo o seu criterio ata os límites que lle permite a Lei**. Foxe dos consensos xerando novos problemas, como o da localización do **feirón semanal**, sen atender non só as demandas da oposición, senón do propio persoal do Centro de Saúde. Demora deliberadamente a aplicación de calquera proceso participativo real. Un ano despois da súa chegada á Alcaldía, **nin se activou o Regulamento de Participación Cidadá** nin se modificou o Regulamento Orgánico Municipal para devolver a voz á xente nos Plenos.



## Máis espazos verdes de convivencia e menos formigón

O noso obxectivo é implicar á xente na **recuperación e rehabilitación** do contorno urbano e paisaxístico da degradación. Crear novos espazos de convivencia. Da nosa iniciativa parten os investimentos na **mellora de parques mugardeses**, así



## Transparencia e rigor na comunicación coa veciñanza

Tal e como prometemos na campaña electoral, **a axenda de reunións dos membros do Grupo Municipal de ICM é pública**. E foron numerosas as xuntanzas que mantivemos desde a nosa entrada na corporación, tanto para **atopar solucións** a problemas municipais, como para **escoitar** da xente implicada no movemento social cal é a súa realidade e necesidades. De aí nace o groso das nosas propostas de goberno.

Sen embargo, non acontece así no Concello. A información institucional é anecdótica nunhas **canles oficiais abandonadas** (a información sobre as curvas da Fontegrande publicouse a só 4 días do remate do prazo de alegacións) mentres que o Alcalde fai do Facebook o seu diario persoal dirixido aos seus “amigos”, e non ao conxunto da cidadanía. Demasiado personalismo, discursos baleiros e **máis fotos que feitos**. Ao mesmo tempo, canceláanse subscricións a medios en galego e repártense **cartos públicos** a pseudomedios afíns ao PP que nin tan sequera cumpren o código deontolóxico do xornalismo, mentres que á nosa petición de criterios transparentes respóndenos “cuando goberneis vosotros ya se los dareis a vuestros amigos”.

haberá actuacións no de A Pedreira, A Regueira e San Xoán que chegarán da man dos plans anuais da Deputación da Coruña para toda a provincia.

Mais a rehabilitación dos cascos urbanos de Mugardos e o Seixo pasa para o goberno actual por **hormigonar as rúas** onde antes había lousas e manter colectores do lixo en puntos de interese paisaxística, malia as demandas de ICM. O Parque do Cotellón é un exemplo de como un espazo de convivencia que viña sendo escenario de xogos tradicionais, aínda que mal conservado, é substituído por un xardín “para ver”, inservible para calquera outra actividade.

# Oportunidades económicas que se esvaen

A inauguración do centro de interpretación arqueolóxica de Caldoval debería ser inminente e motivou a nosa


entrevista co presidente da **Asociación de Amigos dos Museos de Galicia**, Felipe Senén. De aí concluímos a importancia dunha boa base de partida na xestión do centro e do papel fundamental que terá o factor humano no seu futuro. Caldoval debe ser un **motor implicado na promoción económica local**. Do mesmo xeito, é imprescindible que o pequeno comercio e a hostalería teñan canles directas de diálogo e cooperación co Concello, e que este non deixe á súa sorte o seu movemento asociativo.

A realidade actual é ben outra: o PP deixa nas mans de Reganosa o plan de explotación de Caldoval. As subvencións da Deputación que outros concellos invisten en **plans directores de promoción económica** destínanse aquí a festas improvisadas sen escoitar á oposición, sen encaixe estratéxico e sen atender ás bases das convocatorias. Como resultado **Mugardos recibe a metade de axudas que concellos similares como Ares ou Cariño**. Ademais, o Concello fica fóra de feiras gastronómicas onde sería fundamental a nosa presenza, e o asociacionismo empresarial esmorece.

## Subvencións da Deputación en Ferrol, Eume e Ortelgal no 2016

Actividades culturais	Actividades de Promoción Económica	Investimentos de Promoción Económica	Actividades de Promoción Turística
Ferrol 149.741,40 €	Ferrol 10.399,00 €	Pontes, As 17.973,17 €	Narón 4.799,77 €
Ortigueira 9.088,94 €	Pontes, As 8.991,00 €	Fene 15.977,68 €	Ortigueira 4.716,00 €
Pontes, As 9.084,19 €	Fene 7.996,01 €	Ares 14.799,89 €	Cariño 4.446,60 €
Cariño 8.490,45 €	Ares 7.500,00 €	Pontedeume 14.774,69 €	Valdoviño 4.299,00 €
Valdoviño 8.341,65 €	Pontedeume 7.392,26 €	San Sadurniño 13.760,00 €	Cerdido 4.251,00 €
Monfero 8.079,33 €	Narón 7.299,60 €	Valdoviño 13.800,00 €	Neda 4.192,78 €
Moeche 7.495,78 €	Cedeira 6.798,00 €	Narón 13.587,53 €	Cedeira 4.099,26 €
Pontedeume 7.043,65 €	Valdoviño 6.796,50 €	Cariño 13.582,51 €	Fene 3.999,00 €
Fene 6.493,21 €	Cariño 6.796,00 €	Cedeira 13.572,00 €	Pontes, As 3.696,27 €
Narón 6.487,57 €	Ortigueira 6.795,00 €	Capela, A 12.160,00 €	Pontedeume 3.584,04 €
San Sadurniño 6.143,94 €	San Sadurniño 6.198,40 €	Ferrol 10.994,00 €	Ares 3.497,60 €
Ares 6.094,93 €	Capela, A 6.093,00 €	Monfero 10.400,00 €	San Sadurniño 3.250,00 €
Somozas, As 4.941,11 €	Monfero 5.193,00 €	Moeche 9.999,01 €	Capela, A 3.201,00 €
Mugardos 3.516,38 €	Moeche 4.998,82 €	Cabanas 8.996,83 €	Cabanas 2.996,57 €
Neda 2.717,73 €	Mancomunidade 4.491,00 €	Neda 8.592,94 €	Mugardos 2.199,00 €
Cabanas 2.093,68 €	Cerdido 3.999,00 €	Cerdido 7.700,00 €	Mañón 1.849,12 €
Cerdido 1.387,50 €	Neda 3.444,80 €	Mugardos 6.199,90 €	Somozas, As 1.698,96 €
Mañón 1.283,26 €	Mugardos 3.099,00 €	Somozas, As 6.194,24 €	
	Mañón 2.699,90 €	Mañón 5.379,72 €	
	Somozas, As 1.999,40 €		

## Táboa de exencións e bonificacións no servizo de auga, lixo, sumidoiros e saneamento Concello de Mugardos



## A xustiza fiscal que aínda non é

Desde a nosa entrada no Concello mantivemos unha **actitude revisionista** fronte as ordenanzas fiscais que axiña comezou a dar froitos. Analizámolas desde cero e cunhas premisas claras: **augmentar a xustiza fiscal** sobre as mugardesas e mugardeses. Así xurdiron as propostas de corrección sobre o errático cobro do imposto da rodaxe, as incongruencias nas taxas polos servizos de auga, lixo, sumidoiros e saneamento, ou a maior progresividade na taxa do Servizo de Axuda no Fogar. Ningunha delas conseguiu aínda saír adiante, condenadas pola **parálise** na tramitación das reformas por parte do goberno municipal de Juan Domingo Deus que envía ao fondo do caixón o que non saía do seu grupo.

## Servizo de mantemento en desmantelamento

Iniciativa Cidadá de Mugardos fixo algo que nunca antes se fixera no Concello de Mugardos: medir o total de **espazos verdes de mantemento municipal**. O dato final (75.000 m<sup>2</sup>) revelou que estabamos moi por debaixo da media estatal en número de operarios (3, cando a media situaríanos en 7). Ao tempo, estes sofren a **falla de coordinación política** das súas tarefas que continúa a ser un dos principais motivos de perda de eficiencia. Que fai o Partido Popular fronte esta situación? Basicamente substituír zonas verdes por pedras e céspede artificial, contratar empresas privadas para axardinar, e **eludir responsabilidades** sinalando aos traballadores. Unha actitude insostible e irresponsable. Ao mesmo tempo, os expedientes para **limpar fincas urbanas** continúan acumulándose e a maleza invade as vivendas que teñen ao lado. Sen embargo, o PP cambiou o discurso respecto a cando estaba na oposición: xa non é irresponsabilidade do goberno, agora é a **falla de persoal técnico** no Concello. Un persoal que o Concello non pode contratar precisamente polas leis que o propio PP impuxo no Estado.



# A mocidade na encrucillada

Temos que poñerlle freo ao fracaso escolar. E para iso é importante que as mozas e mozos de Mugardos teñan facilidades para cursar estudos. Consequimos **correxir o regulamento de transporte escolar** para non deixar ningún alumno/a do ensino público fóra. Mais en ocasións o problema non é a falta de opcións: Mugardos non conta con ciclos formativos que garantan o futuro da mocidade. Reunímonos coa dirección do IES e **iniciamos un plan de traballo para atopar alternativas**

# Compromiso coa conciliación familiar

Desde o primeiro momento enfocamos a nosa atención nos servizos que melloran a conciliación da vida familiar e laboral. Propuxemos cambios no servizo de comedor municipal e a ampliación do horario da **Escola Infantil**. Unindo esforzos cos demais grupos da oposición propuxemos que o comedor escolar funcione en verán e nadal durante o desenvolvemento do **Espazo Infantil de Xogo**, que se active o servizo de **almorzo saudable no IES** e que a Escola Infantil **abra a partires das 7:30 da mañá**. Así, facilítase a conciliación á vez que se dota de servizos á poboación máis nova, axudando a frear o envellecemento.

# A cultura debe ser unha prioridade

O movemento asociativo enriquece a vida cultural de toda sociedade. Mugardos conta con entidades con grande arraigo, pero vulnerables á falla de financiamento e apoios institucionais. ICM quere facer delas o **motor social de Mugardos** dotándoas de recursos e garantindo a igualdade de oportunidades entre elas.

Mais tamen procuramos ser unha fonte constante de innovación: o concurso de pintura Bello Piñeiro conta desde agora cun **premio específico para autores/as locais** proposto por nós, como tamén propuxemos a implantación dun novo **concurso multimedia**, a implicación na promoción de músicas locais e, máis recentemente, dentro do marco de desenvolvemento turístico comarcal, un proxecto de **Street Art** en medianeiras integrado na nosa teima por rehabilitar os cascos urbanos.

Pero as prioridades do goberno son outras. A ausencia de creatividade na programación e os investimentos culturais

é negativa da Xunta a implantar a rama de acuicultura. Os resultados achegámoslos hai semanas a unha mesa coordinadora demandada pola oposición, que en conxunto **levamos meses presionando ao goberno** para acadar solucións a tempo de iniciar o curso 2016-2017. A pasividade do equipo de Juan Domingo Deus, cuxos pasos neste sentido foron forzados pola oposición, é desconcertante e vai condenar ao alumnado do IES a outro curso máis tendo que marchar a estudar fóra. Toda a súa achega no eido educativo foi a tentativa de impartir cursos de inglés contratados a unha empresa privada. A mala planificación incluso disto fixo que tampouco puidesen concretarse.



é abrumadora. As asociacións mugardesas chegaron a acumular máis de medio ano de **atraso no cobro dos convenios e as subvencións do 2015 ás ANPAs están incluso sen resolver**. Non se aplican medidas reguladoras do uso dos locais, desóense as peticións de actuación urxente nas instalacións para as que tamén se perden posibles subvencións; a antiga escola de Apelón, onde o PP prometera relocalizar a **Biblioteca Municipal**, ofrécese agora como cuartel á Guardia Civil, e para o **Cine Zárate** non hai máis proxecto que o dunhas obras demandadas polo persoal técnico para evitar os riscos de derrube.

# Un ano de axenda social

XULLO  
9

Acto público co **Encontro Cidadán por unha Marea Galega**, sobre o proceso de confluencia para as eleccións xerais.

AGOSTO  
12

Entrevista co **equipo redactor do PXOM de Mugardos** para coñecer o estado actual do novo proxecto de planificación.

SETEMBRO  
8

Entrevista co **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** para afondar no coñecemento dos servizos sociais municipais.

XANEIRO  
4

Entrevista cos representantes do **Grupo de Emerxencias Supramunicipal** para coñecer a situación do servizo.

XANEIRO  
18

Entrevista coa **Asociación de Amigos dos Museos de Galicia** sobre a xestión do centro de interpretación de Caldoval.

XANEIRO  
20

Primeira xornada aberta de análise do proxecto de actuación da Xunta nas **curvas da Fontegrande**.

XANEIRO  
30

Acto público co Coordinador Xeral da **Marea de Pontevedra** sobre o proceso de participación cidadá nas mareas municipalistas.

FEBREIRO  
2

Segunda xornada aberta de análise do proxecto de actuación da Xunta nas **curvas da Fontegrande**.

FEBREIRO  
18

Entrevista coa directiva do **Galicia de Mugardos** para coñecer o estado actual da sociedade e as instalacións deportivas dependentes do Concello.

FEBREIRO  
21

Acto conxunto co BNG-AA sobre o **Día Mundial da Língua Materna**, coa participación de persoas locais no eido cultural.

FEBREIRO  
25

Entrevista co presidente do **Club do Mar de Mugardos** para coñecer o estado actual da sociedade e as instalacións dependentes do Concello.

MARZO  
16

Entrevista coa **Confraría de Pescadores e Mariscadoras** para coñecer a situación do sector marisqueiro e as súas demandas.

MARZO  
19

Primeiro encontro coa **Comisión para o Saneamento Integral da Ría de Ferrol** para tratar o problema dos malos cheiros nas estacións de bombeo.

ABRIL  
5

Segundo encontro coa **Comisión para o Saneamento Integral da Ría de Ferrol** para tratar o problema dos malos cheiros nas estacións de bombeo.

ABRIL  
8

Entrevista coa **Federación Galega do Comercio** na procura de solucións para revitalizar o tecido asociativo empresarial mugardés.

ABRIL  
26

Entrevista co director do **IES de Mugardos** na procura de solucións á carencia de Ciclos Formativos no centro.

ABRIL  
27

Encontro coa **Plataforma de veciños/as O Cruceiro de Meá** para tratar a situación da planta de gas logo das últimas sentenzas xudiciais.

MAIO  
2

Encontro coa **Federación Galega de Comercio e Portomagno** na procura da reactivación da asociación de empresarias/os.

MAIO  
23

Encontro con membros do **Grupo de Emerxencias Supramunicipal** para coñecer o estado actual das instalacións e o futuro do servizo.

## Miguel Ángel



**Portavoz do Grupo Municipal de ICM e das áreas de Cultura, Deporte, Turismo, Obras, Servizos e Persoal.**

O amplo respaldo que obtivo nas primarias atopa explicación no día a día municipal: sinceridade, linguaxe franca e directa e determinación fronte aos intentos de engano. É o principal referente de ICM no achegamento ás parroquias.

## Paula



**Portavoz de ICM nas áreas de Ensino, Política Lingüística, Mocidade, Participación Cidadá, Benestar Social, Igualdade e Sanidade.**

Nai incondicional que pon á infancia no cumio das súas prioridades políticas. O contacto coa veciñanza é outro dos seus puntos fortes. Malia ser castelanfalante, asumiu a portavocía da área de Política Lingüística con vontade e cada día é máis habitual escoitala falar galego.

## César



**Portavoz de ICM nas áreas de Facenda, Promoción Económica, Emprego, Urbanismo, Industria, Patrimonio e Medioambiente.**

A súa implicación en ICM é total desde a súa creación. En constante reflexión e análise da realidade que o rodea, esfórzase en comprender as opinións distintas á súa dando como resultado unha mestura entre carácter conciliador e firmeza ideolóxica.





## Iniciativa Cidadá de Mugardos nas Mareas en Común



Estes días cumpriuse o **quinto aniversario do 15M**, de vez en cando a historia regálanos acontecementos que supoñen o xerme dun cambio. Dentro de dez ou quince anos cando se fale de como cambiou a forma de facer política, de como as institucións foron devoltas á xente e de como voltamos a ter conciencia de que **o presente e o futuro teñen que ser construídos e gañados por todos e cada un de nós**, e non por delegación, indubidablemente nos remitirán a esa data. Porque esa data simboliza a fartura, a enchenta de que os que tiñan que representarnos xa non nos representan, que ían por libre con absoluta impunidade e sen render contas, con total ausencia de responsabilidade.

O 15M significou o ata aquí chegamos porque non se pode facer peor, a toma de conciencia, a repolitización de gran parte da sociedade e sobre todo e máis importante, de sectores que nunca se preocuparon pola política. É precisamente o mellor que lle pode pasar á democracia, **o enriquecemento por vía da participación e implicación da xente**. Aquí en Galicia tomou corpo nas municipais do pasado ano con multitude

de iniciativas municipalistas e persoas que nunca se implicaran en política ou que hai anos deixáranos de lado, fixérono e ademais de xeito espectacular. Como non podía ser menos, en **Mugardos a nosa Iniciativa tomou este testemuño**, o noso municipio foi dos primeiros en recibir o **Encontro Cidadán por unha Marea Galega**, tivemos con nos á **Marea de Pontevedra** e teremos máis, aprendendo, compartindo, como seguemos a facer e de xeito activo dende o principio en todos e cada un dos encontros das **Mareas en Común**. E non entramos nos concellos para irnos, senón para dar o seguinte paso, dos municipios ó Parlamento, todas as iniciativas populares encarnadas no proxecto de Mareas e n Común para conseguir o goberno da Xunta, un proxecto que cre co camiño é a confluencia de tódalas forzas que entendan o que está pasando, organizacións, movementos, partidos... **cedendo o protagonismo ás persoas**, dende a individualidade ó común, construíndo dende a base, **facéndonos fortes co que nos une**. Ese é o noso reto, é o que nos alimenta, sabernos partícipes do cambio e parte de tan boa semente.

 Iniciativa Cidadá de Mugardos

 @ICMugardos

 [iniciativacidadademugardos@gmail.com](mailto:iniciativacidadademugardos@gmail.com)

 [www.iniciativacidadademugardos.org](http://www.iniciativacidadademugardos.org)



# INICIATIVA CIDADÁ DE MUGARDOS

PARTICIPACIÓN CIDADÁ, RENOVACIÓN, APERTURA E NORMALIZACIÓN POLÍTICA